

Carrizal

ÉPOCA II - Nº 12 marzo/abril 2022

Observación, defensa, protección, estudo e divulgación do patrimonio natural, etnográfico e cultural do Baixo Miño galego-portugués

Luis Dorado Senra

POR UN BAIXO MIÑO MÁIS VERDE E MELLOR CONSERVADO
ASOCIACIÓN NATURALISTA BAIXO MIÑO
ANABAM

Carrizal

Época II

Xunta Directiva

Presidente……Agustín Ferreira Lorenzo

Vicepta…….Araceli Ozores Peixoto

Secret….Mª Consuelo González de Dios

Tesoureiro…Manuel A. Pombal Diego

Vogais… Luís Dorado Senra

Noé Ferreira Rodríguez

Salvador Rodríguez Muñoz

Suplentes

Carlos Angílica Entenza

Silvia Bautista Salgueiriño

EDITOR-COORDINADOR

Agustín Ferreira Lorenzo

CONSELLO EDITORIAL

Manuel A. Pombal Diego

Tomás García-Caballero

EDITA

ANABAM

Calvario-44-baixo

36780-A Guarda (Po)

CONTACTO

Tfn/WhatsApp: 61 61 80 557

Messenger

Facebook

Correo electrónico:

anabam.anabam@gmail.com

WEB: www.anabam.org

Os artigos son responsabilidade de cada autor. ANABAM non comparte necesariamente o seu contido.

CUOTAS ANO 2022

Establécense as seguintes cuotas:

Socio normal: 40 €

Socio familiar:

1º Socio: 40 €

Resto dos socios familiares: 5€/cada un.

Porque a NATUREZA nos necesita, necesitamos de TI

SE NON ERES SOCIA/O DE ANABAM

SUBSCRÍBETE AO

Carrizal

6 números/ano 35 €

Foto portada:
Brithys crini
Luis Dorado Senra

DL VG 208-2020

Feito en papel reciclado

OUTRAS LABRAS CASTREXAS



Imaxe 1

Texto e fotos **Antón Ferreira Lorenzo**

Rematamos con esta entrega a parte dedicada ás **labras castrexas** ou **svásticas**, que iniciamos no anterior número do CARRIZAL.


Que os castrexos de Santa Trega foron extraordinarios canteiros e artistas "xeométricos", non cabe dúbida algunha logo de visitar o Museo Arqueolóxico de Santa Trega (imaxe 1). Aínda que a escultura humana, como vimos nos artigos publicados con anterioridade, e sobre todo visitando o MASAT, non reflicten o dominio do "cicel e o martelo". Xa teorizamos sobre as razóns que poderían xustificar a tosquedade estatuaria. Abordamos neste traballo outras elaboracións sobre a pedra. Nomeadamente destacaremos os sogueados e entrelazados que adornan determinados útiles como os goznes, amarradoiros e estelas (neste caso xa por influencia romana, lembremos que os castrexos incineraban aos seus defuntos e coa romanización asimilan rituais propios do mundo romano, coma o enterramento dos corpos).

Entre os exemplos que atopamos en Santa Trega, podemos citar a estela xeométrica (imaxes 2 e 3), un traballo máis tardío que outras pezas indíxenas labradas. Dividida en


Imaxe 2

dous corpos, o superior está constituído por formas triangulares inscritas unhas dentro de outras e todas elas no interior dunha figura cuadrangular. Interesante resulta o corpo inferior, no que, nunha coidada observación, podemos descubrir algunha rosácea, que poñemos en destaque coloreándoa.

A presenza de poderosos gonzos adornados (imaxe 4), poderían indicarnos a existencia dalgunha edificación pública ou edificio principal do que non se ten, polo momento, documentación arqueolóxica, non esquezamos que das aproximadamente 20 Ha que se calculan para o poboado castrexo do Trega, ata o momento foi escavado, aproximadamente, un 10%.


Imaxe 3

Restos de linteis e xambas (imaxes 5, 6, 7 e 8), moi elaborados xeometricamente, cos típicos entrelazados de cestería e algúns con sogueados perimetrais, fannos supoñer que pertencen á entrada dun edificio singular, ou ben, o "mestre" que os tallou, aproveitou as súas habilidades para destacar a entrada da súa vivenda.


Imaxe 4













Finalmente, damos conta de dous fragmentos que deberon ser marcos dun lintel (imaxex 9 e 10), nos que se amosan outros tantos serpentiformes que, segundo algunhas teorías, deberon situarse nunha posible entrada a algún lugar ou edificación, como protectores do mesmo.

Casa forestal de Oia



Por **Agustín Ferreira Lorenzo**

A que fora antiga casa forestal da parroquia de Santa María de Oia, sitúase no Alto da Portela, lugar pertencente á parroquia de Loureza. Localízase xustamente á esquerda do remate da estrada que sube dende o núcleo de Oia cara á Valga, no cruce da estrada A Portela-Mabia, a case que 450 m de altitude.

Data de finais da primeira década do século XX, concretamente empezou a súa construción no 1909, coincidindo coas primeiras repoboacións forestais auspiciadas polo enxeñeiro tudense Rafael Areses, quen deseñou tamén esta casona. Foi a primeira das casas forestais galegas, utilizadas como vivendas dos gardas de montes, dunha serie delas, construídas en Galicia. A esta lle seguirían, máis tarde, as de Tui, A Guarda, Baiona e Ponteareas

Ata o ano 2020 achábase totalmente abandonada, en estado ruinoso, sen tellado e con paredes derrubadas. Mais os comuneiros de Oia rehabilitárona totalmente e hoxe loce como unha grande e fermosa casona que parece reflectir a porta de entrada a unha das áreas naturais máis interesantes da provincia e, por suposto, do Baixo Miño: a Serra da Groba.

Do que sabemos do proxecto de recuperación (2017) desta casona, é que os comuneiros queren reconvertela nun Centro de Interpretación da Serra da Groba, en xeral, e da Valga en particular. O espazo está formado por tres edificacións, xa en estado moi avanzado de recuperación, polo que podería ser inaugurado no vindeiro ano. Unha vez posta en funcionamento a idea é ter, entre os seus obxectivos, o da divulgación da riqueza ambiental, etnográfica e


Casa forestal de Oja
Google


Luis Dorado

do patrimonio de todo o seu entorno e, tal e como expuxemos anteriormente, facéndoo extensible ao resto da Serra da Groba, polo que nesta reconversión, preténdese implicar a moitos dos sectores ou colectivos relacionados coa mesma.

Lembremos que foi nestes montes, nesta Serra, onde a administración forestal iniciou a súa andaina de repoboación, alá polo 1910, coa introdución do piñeiro, *Pinus pinaster*, ao que se opuxeron por aquel entón moitos veciños polo que supoñía ter que abandonar o seu medio de vida ancestral, como era a gandería.



Antiga fotografía na que se ve a casa forestal e os montes aínda sen o monocultivo de piñeiros.




Luis Dorado



ESTEIRO DO MIÑO
AVES NA CORDA FROUXA

Por **Agustín Ferreira Lorenzo**

Iniciei a miña andadura no campo ornitolóxico a principios da década dos anos oitenta do século pasado. Por aquel entón, frecuentaba a marisma de Salcidos practicamente día si e día tamén. Naquela, estaba declarada esta área como zona de caza controlada, un máis de tantos eufemismos que había, e segue habendo, para a aparentar, en certo modo, que había unha regulación desta actividade en certos lugares. E, probablemente había certa regulación, mais os resultados non eran os esperados, cazábase practicamente igual que en tódolos lugares onde a actividade cinexética estaba permitida. Aínda máis, a mediados de agosto daqueles anos, daba comezo a chamada media veda, permitindo a caza da rola común (*Streptopelia turtur*) que, xustamente coincidindo co período migratorio, xuntábanse nesa zona uns bandos máis ou menos numeosos. Por aquel entón, e ata finais da década dos noventa, a canle que hai entre a ribeira da marisma de Salcidos e a ribeira da illa Canosa, cunha lonxitude entorno aos 2 quilómetros, albergaba milleiros de aves (unha media de 3.000) de máis de 30 especies diferentes, das que destacaban, polo seu número, os anátidos, seguidas dos corvos mariños e das zancudas como as garzas reais e garzotas. De toda aquela bagaxe alada, imos centrarnos neste artigo sobre catro especies que poderían ser representativas do declive que está a sufrir, dende finais da mencionada década, o valiosísimo potencial ornitolóxico desta zona húmida. Estas catro especies



son: **garza real (*Ardea cinerea*)**; **mergo cristado (*Mergus serrator*)**; **galiñola negra (*Fulica atra*)** e **parrulo cristado (*Aythya fuligula*).**

A **garza real** era, por aquel entón, a "dama" elegante desta área, maxestosa, separada dos seus conxéneres por algúns metros, para manter o seu espazo. A veces imperturbable, hierática, paciente, esperando a que se achegara algunha inocente presa á que lanzar os potentes resortes do seu longo pescozo para coller unha solla, que lle custaba tragar a causa da anchura da mesma, ou algunha mediana anguía ou… calquera outro apetitoso manxar. Chegamos contar, por aquel entón, ata 150 exemplares distribuídos soamente na illa Canosa, ademais dos que se podían ver sobre algún que outro areal que emerxía das augas do río ou dos que habería no veciño sapal do Coura. Era todo un espectáculo marabilloso que nos permitía pasar algunhas horas contemplando este paraíso tan cheo de vida.



Hoxe (2022), e dende hai varios anos, aquela cantidade de zancudas grises que nos deleitaban coa súa presenza, xa é un mero recordo. Dificilmente chegamos aos 20 exemplares na mesma illa, mesmo hai días, que non vemos nin unha soa garza. Deste xeito, como media, o descenso de garzas reais neste tramo da desemboca-

dura do Miño, ben pode superar o 85 %.

Do **mergo cristado**, podemos dicir que a caída foi vertixinosa, en picado. O Esteiro do Miño pasou de ser un lugar extraordinario e presenza desta especie, superando os 50 exemplares, ata o punto de ser considerado unha das zonas máis emblemáticas de invernada para o mergo na Península, a practicamente non ver ningún exemplar. Neste senso cabe dicir que Galicia sempre foi unha "potencia" en canto a esta especie, nos censos de aves invernantes. Por exemplo, a ría de Arousa, entre os anos 2007-2010, ocupaba o primeiro posto con 62 individuos, mentres que o Esteiro do Miño pasou a ocupar o 7º lugar con unicamente 5 exemplares. Tamén é preciso dicir que o descenso desta especie na Península é xeneralizado.

O caso máis espectacular acontece cos **parrulos cristados**. O Esteiro do Miño estaba considerado, como no caso anterior, como un dos puntos de referencia para a especie. Contaba cunha das maiores concentracións de individuos na Península Ibérica. Lembramos atoparnos nos observatorios ornitolóxicos da marisma de Salcidos con afeccionados á ornitoloxía vidos dende diferentes puntos de Galicia e Portugal, simplemente para velos e fotografalos. En efecto, a poboación andaba de media entre os 600 exemplares superando, nalgunha ocasión, os 800 individuos. Establecíanse principalmente fronte ao Forno do Duque, zona de descanso habitual. Chegaban normalmente a partir de finais de outubro, e permanecían con nós ata mediados de febreiro. Por desgraza, isto quedou no recordo tamén. Hoxe a presenza da especie é nula. Este declive tamén se nota no resto da Península, polo que tampouco é un caso excepcional.

Se hai un caso atípico no descenso das diferentes especies ornitolóxicas que habitan, ou habitaban, no Esteiro do Miño, este está protagonizado pola **galiñola negra**. Mentres que no resto do estado parece ir en aumento, en Galicia e, particularmente no Esteiro do Miño esta especie sufriu unha forte regresión. Pasamos dunha media de 50 exemplares por tempada, a non ver ningún exemplar dende hai varios anos. Acostumaban estar no entorno do Forno do Duque, principalmente, movéndose dende aí polo entorno próximo. Nos dous últimos anos antes da súa desaparición total, soamente observabamos dous exemplares, no último ano xa só vimos un, para desaparecer definitivamente.

A **cerceta real** era unha das anátidas cuxos efectivos ocupaban o segundo posto en canto ao número de exemplares por especie, por detrás do pato real. Os censos da década dos oitenta e noventa, dábanos un número que andaba arredor dos 1.000 exemplares, sobre todo entre os meses de novembro a febreiro. Máis os seus efectivos comezaron unha alarmante diminución neste século. Nun dos censos desta tempada (2021/2022) contamos como 200 exemplares, unha cifra superior á rexistrada, nos das tempadas

2018/2019 e 2019/2020. A tendencia no resto da Península é moi similar á rexistrada nesta área. Así, entre os anos 1991 a 2010, viuse un notable descenso no número de individuos, aumentando lixeiramente a partir do ano 1995. Esa tendencia neste recuncho, ocorreu anos máis tarde, como estamos a ver. Temos esperanzas de que, seguindo a tónica do resto peninsular, e visto o desta última tempada, tal vez o número de exemplares volva a incrementarse novamente.

Zerynthia rumina



Por **Agustín Ferreira Lorenzo**

Non sería ata o ano 2007 cando conseguimos confirmar a presenza desta fermosa bolboreta no Baixo Miño. O seu descubridor nesta terra, foi Suso Requejo, quen, naquela por entón, colaboraba con ANABAM nun proxecto sobre os lepidópteros desta bisbarra.

O acontecemento produciuse en Oia, o 7 de abril de 2007. Cinco anos despois, o 8 de marzo de 2012, atopábanse tamén exemplares e eirugas entre Camposancos e A Guarda, concretamente na baixada que vai dende a estrada de Circunvalación ao Seixal (Agustín Ferreira).

Porén, xa esta bolboreta fora fotografada polo membro de ANABAM, Luís Dorado, no mes de marzo ou abril do ano 1989, na finca da súa casa, en Fornelos (O Rosal), mais non sería ata hai uns poucos de anos cando, repasando o seu arquivo fotográfico, descubriríase que xa voaba por Fornelos no século pasado, polo que, documentalmente xa estaba presente, mais sen tela identificada aínda.



A larva desta especie (imaxe da esquerda) aliméntase da planta ***Aristolachia longa***.



O presente artigo corresponde ao traballo de prácticas do estudante de Máster en Biodiversidade Terrestre da UVIGO, Adrián Fernández Venade, desenvolvido durante as súas prácticas externas en ANABAM no mes de setembro do ano 2021, baixo a dirección e coordinación de Agustín Ferreira Lorenzo, como titor do mesmo na mencionada asociación.


Por **Adrián Fernández Venade**




INTRODUCCIÓN

Neste traballo avaliamos a presenza da especie invasora ***Cortaderia selloana***, mediante o censo da especie nas distintas parroquias do municipio de Oia.

C. selloana, tamén coñecida polo nome común herba da Pampa ou plumeiro da Pampa, é unha planta endémica do sur de Sudamérica. Trátase dunha planta ornamental moi vigorosa, amplamente utilizada. É unha especie robusta e perenne que alcanza un portentoso desenvolvemento en condicións











que non necesariamente teñen que ser as óptimas.

É unha especie dioica, é dicir, os sexos están separados, existindo plantas masculinas e plantas femininas, sendo estas as que desenvolven os plumeiros tan rechamantes que todos coñecemos. Reprodúcese por sementes, as cales son principalmente dispersadas polo vento e capaces de chegar a máis de 30 quilómetros de distancia.

A herba da Pampa é capaz de establecerse nunha ampla variedade de solos. Prefire os solos profundos, ben drenados, pero tamén atópase en zonas abertas e con boa insolación, chegando a naturalizarse en zonas húmidas, depresións, ao largo dos cursos de auga e particularmente en áreas asociadas con estradas, sendas e forestais así como lugares





húmidos. Non tolera ben os solos arxilosos e prefire posicións abrigadas e soleadas; é moi tolerante a exposición do mar.

As súas características confirenlle grandes vantaxes fronte as especies autóctonas: non é exixente na calidade do solo, atópase cómoda nun pH comprendido entre 6 e 7,5, nin en textura, nin no seu contido en nutrientes, podendo colonizar case na súa totalidade, terreos baldíos, moi alterados e removidos por grandes obras de infraestrutura, onde a maiorías das especies atopan dificultade de asentamento.

C. selloana presenta carácter invasor e a súa presenza constitúe un risco potencial para o mantemento das zonas naturais. O problema que esta especie xera é a redución da diversidade biolóxica (hábitats e especies) a través da exclusión da vexetación nativa:



Coloniza hábitats abertos establecéndose como especie dominante.

En terreos que sufriron










cambios do uso do solo, a colonización por estas especies provoca o desprazamento das autóctonas con a consecuente perdida da biodiversidade. Pode chegar a formar unha cobertura vexetal monoespecífica, excluíndo case totalmente a calquera outra especie da súa zona de colonización.

As densas colonias que forma pode provocar un incremento na frecuencia dos incendios.


É unha ameaza, particularmente, en zonas costeiras e praderías, onde compite con plantas nativas.

Seu rápido crecemento e acumulación de biomasa tanto por encima como por debai-









xo do solo permítelle obter luz, humidade e nutrientes que poderían ser usados por outras plantas.

Mesmo, a baixa densidade poden ser daniñas pola gran cantidade de cuberta que ocupan.

OBXECTIVOS DO TRABALLO

O obxectivo do presente traballo é avaliar a presenza da especie invasora *Cortaderia selloana* no municipio galego de Oia, mediante o reconto da especie e o recoñecemento









RESULTADOS, TÁBOAS

C. selloana en Oia	
Estrutura asociada	Número de exemplares
Polígonos industriais ou similares	140
Autovías, autoestradas ou estradas xerais	8398
Construcións sen rematar ou abandonadas	110
Terras sen traballar	85
TOTAL	8733

Táboa 1. Número de exemplares localizados en cada unha das estruturas nas que se atopan asociadas no municipio de Oia.





das zonas onde se atopa.

Mediante este censado, poderemos sacar conclusións da súa rápida reprodución e que solucións poderíamos atopar para diminuír a súa propagación invasora.

MATERIAL E MÉTODOS

Material:

Caderno de campo onde anotar os datos obtidos.

Cámara de fotos para fotografar exemplares da herba da Pampa.

Lapis.

Google Maps para xeolocalizar a posición onde observamos exemplares.

Métodos:

Anotouse no caderno de campo a localización e o número de individuos aproximados atopados da especie en cuestiós, así como o tipo de solo onde se desenvolvían. E por último, tiráronse fotografías dos exemplares.

Cos resultados obtidos podemos observar que a presenza de *Cortaderia selloana* no municipio de Oia é moi elevada, en xeral na estrada Baiona-Oia, mentres que no interior a súa presenza é nula ou escasa, debido a que no interior predominan as zonas montañosas e os núcleos rurais, onde esta especie ademais non era usada para fins ornamentais como si ocorría nas estradas principais, como é o caso da estrada Baiona-Oia.

En parroquias como Loureza ou Burgueira a presenza desta especie é case nula encontrando en Burgueira 60 exemplares e en Loureza 30 exemplares. Mentres que en outras parroquias como Viladesuso, Pedornes ou Mougás non se encontrou nin un solo





Figura 1. Esquema ilustrativo da preferencia de ocupación da herba da Pampa no municipio de Oia.

exemplar.

Observando os datos obtidos no período do 21 ao 25 de setembro e o 6 de outubro, contemplouse que a maioría das veces que ha sido observada a especie, esta encontrábase preto de autovías, autoestradas ou estradas en xerais. En segundo lugar, pero con unha clara diferencia encontrábase en polígonos industriais ou similares, seguido de construcións sen rematar ou abandonadas e por último encontrouse en terras sen traballar.

Por tanto, debido a súa gran capacidade invasora e transformadora do medio, afectando especialmente neste municipio a espazos protexidos e hábitats de interese comunitario das zonas costeiras é necesario un control e unha erradicación total da especie tanto en entornos públicos como privados.

A xestión que podería facerse sería a seguinte: os exemplares pequenos poden ser eliminados a mano para evitar a dispersión de sementes. As plantas adultas son moito máis difíciles de eliminar pero poderían ser arrincadas con maquinaria pesada aínda que estas labores deberíanse facer con moito coidado para evitar a dispersión das sementes. Outra opción, que creo que sería a máis acertada sería a eliminación da especie mediante a queima, aínda que tamén de unha maneira controlada.



Principais núcleos de presenza da herba da Pampa
na costa de Oia.



Por **Agustín Ferreira Lorenzo**

Está o corvo mariño real (*Phalacrocorax carbo*) diminuíndo os seus efectivos no Esteiro do Miño? A verdade é que aínda non podemos confirmar este dato, mais unha luz vermella parece querer acender. Vexamos do por que dicimos isto.

Ata mediados da segunda década deste século, as observacións efectuadas no último tramo do esteiro do Miño, daban unha media entorno aos 300 exemplares, número que se mantivo estable ao longo dos anos. A partir de entón, houbo unha lixeira diminución, con observacións algo superiores aos 250 exemplares, pero sen chegar aos 300. Logo de



Pedras das Oliveiras cos corvos mariños descansando o 31/01/2010.

non poder levar a cabo os censos da campaña 2020/2021, por mor da pandemia, retomamos novamente a actividade censatoria na tempada 2021/2022. Por primeira vez observamos que o número de individuos apenas superou os 100 exemplares, unha alarmante diminución con respecto aos anos precedentes que nos fan pensar que a cousa non vai por bo camiño.

Temos que sinalar que había dous puntos de máxima concentración na parte final do Esteiro do Miño: as pedras denominadas Oliveiras e a illa da Insua. Nas Oliveiras podían chegar a concentrarse preto dos 100 exemplares que descansaban sobre elas, mesturados con algunhas gaivotas, garzas e garzotas e algún pequeno bando de limícolas. Ademais algúns outros corvos mariños mergullábanse nas proximidades, na procura de alimento. Ao atardecer, na Insua concentrábanse máis de 150 individuos distribuídos ao longo da parte superior dos muros da fortaleza e tamén sobre o areal. Nesa illa pasaban a noite, converténdose dito illote nun dormideiro da especie. Nos últimos anos, esta afluencia á Insua diminuíu moitísimo, tal vez porque agora moitos dos corvos mariños xa non se desprazan tan abaixo para descansar, utilizando como dormideiros varias das illas localizadas entre a ponte internacional de Tui e a illa Canosa, na desembocadura do río Tamuxe, ou mesmo, no bosque de ribeira situado en ámbalas dúas beiras do río. Podemos tamén pensar que a diminución de exemplares comentada, puidese deberse, precisamente, a unha maior distribución dos individuos ao longo da parte baixa do Miño

1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998
196	203	177	170	170	199	201	240	212	165	236	296

1999	2001	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
287	363	330	396	264							

2022: 93
2021: 37-107
2020: 100-164
2019: 52-137
2018: 89-169
2017: 115-193
2016: 1-75
2015: 133-278

Datos correspondentes aos censos da Xunta de Galicia



ÁBORES EXTRAORDINARIAS DO BAIXO MIÑO



ARAUCARIA DA POUSA DO BISPO OU DAS SOBREIRAS

AXENTE FORESTAL: José Miguel Escanciano Maricalva
AXENTE FORESTAL: Emilio Alonso Gómez
AXENTE FORESTAL: Ricardo Da Silva Diz
FOTÓGRAFO: Luis Dorado Senra
BOTÁNICO: Xesús Ignacio Fernández Alonso

Edificada nos séculos XVI e XVII como residencia estival do bispo tudense cunha grande finca hoxe en día urbanizada.

Nome científico: ***Araucaria angustifolia***

Nome común galego: Araucaria, Pe de elefante

<u>Idade estimada:</u> 60 anos

<u>Localización</u>

Concello: Tui

Parroquia: Randufe

Lugar: Pousa do Bispo, dentro da urbanización o lado da carretera de acceso, observanse a dereita.



Coordenadas Datum WGS 84, huso UTM 29 T: X 528363 Y 4655680

Data fotografías: 10-05-2012.

Medidas

Altura 1ª: 19 metros.

Diámetro 1ª a 1,30m do chan: 0,68 metros.

Perímetro 1ª a 1,30m do chan: 2,15 metros

Altura 2ª: 19 metros

Diámetro 2ª a 1,30m: 0,63 metros.

Perímetro 2ª a 1,30 m: 2 metros.

Observacións:

Estas Araucarias proceden de sementes achegadas do Brasil, país orixinario das árbores. En principio eran tres pero unha foi cortada cando se construíu a estrada da urbanización. Acompañan a estas Araucarias dous **Abetos de Douglas (*Pseudotsuga menziesii*)** de practicamente á mesma altura cas Araucarias aínda que, posiblemente, de menor idade.

ARAUCARIA DA CATEDRAL DE TUI



AXENTE FORESTAL: José Miguel Escanciano Maricalva
AXENTE FORESTAL: Emilio Alonso Gómez
AXENTE FORESTAL: Ricardo Da Silva Diz
FOTÓGRAFO: Luis Dorado Senra
BOTÁNICO: Xesús Ignacio Fernández Alonso

Nome científico: *Araucaria heterophylla*
Nome común galego: Araucaria da illa de Norfolk
Idade estimada: mais de 70 - 80 anos
Localización
Concello: Tui
Lugar: Xardíns da catedral de Tui
Altitude: 47 metros
Coordenadas Datum WGS 84, huso UTM 29 T: X 529447 Y 4654912
Medidas
Altura:20 metros
Diámetro a 1,30 m : 0,67 metros



Perímetro a 1.30 m: 2,13 metros.

Data e autor das fotografías: 23- 6-2013, Luis Dorado Senra

Observacións: Comenta don Ricardo, que foi crego en Tui, que xa recorda a Araucaria sendo el seminarista. Nunha fotografía aérea dos anos 30, propiedade de Suso Vila, coméntanos que non é capaz de ver a araucaria, aínda que podería estar nun tamaño que non fose recoñecible na foto. O que si parece ser é que puidese ser plantada entre os anos 30 e 40; non temos mais datos desta árbore descoñecendo de onde a trouxeron, quen a plantou e cando.



Agradecementos.: A Don Ricardo García, polas facilidades que nos deu para poder realizar esta ficha**.** A a Suso Vila, polos datos proporcionados tanto desta como doutras árbores. A Jose Ramón, e especialmente a Javi pola súa amabilidade.



De esquerda á dereita, Florencio, José Antonio, Germán e Toñi, nunha saída de campo (1984) á marisma de Salcidos acompañando a Agustín Ferreira.

Por **Agustín Ferreira Lorenzo**

Corría o ano 1982 cando na vila da Guarda iniciouse un movemento en contra da construción do camping na marisma de Salcidos. Nese ano, formouse oficialmente e se rexistrou legalmente a entidade cultural denominada Agrupación Cultural Guardesa, formada por persoas vinculadas á esquerda local pertencentes, entre outros movementos sociais, a CCOO, socialistas, comunistas, etc. Algúns, caso do autor, non vinculados a ningunha entidade. Unha vez formalizada a A.C.G., cos seus estatutos, creouse na mesma varias seccións, entre elas a Sección Ecolóxica, ao fronte da cal estaba o que isto escribe. A través da mesma desenvolveuse unha intensa campaña de oposición ao citado camping e de divulgación do potencial ecolóxico que había, e segue habendo, na zona. Isto motivou que a oposición ao complexo hostaleiro estivese de actualidade durante bastante tempo entre a poboación guardesa.

No ano 1983, aparecían escritas nalgunhas cabinas telefónicas, con rotulador, mensaxes contra o susodito complexo, notándose ben que era obra de rapaces. O que isto escribe veo enterándose que eses rapaces non eran nin máis nin menos que alumnos que asistían a clase na Academia que rexentaba. Así que, falando con eles, comentoulles que esas accións non estaban ben e que mellor era que formaran entre eles un grupo xuvenil ecoloxista. Eran adolescentes de entre 14 e 16 anos. O entusiasmo xuvenil notouse enseguida. A ecoloxía, empezaba a despuntar e, mesmo, podía dicirse que estaba de moda.





Á esquerda Javier e á dereita José Antonio, nunha saída á praia de Camposancos (1983), cun limícola atopado morto no areal.

Pronto comezaron a acompañar ao autor deste artigo nas súas saídas á marisma de Salcidos, ao río Tamuxe, á illa da Canosa e á praia de Camposancos. Así que, nesas saídas, aproveitaba a comentarlles a posibilidade de que formasen un grupo informal de defensa da natureza. Pensouse un nome e como a garza real era unha das aves que máis chamaba a atención, propúxenlles que o grupo podería denominarse *Grupo de Xóvenes Ecoloxista Guardeses "Ardea"*, e así quedou. A continuación pensouse na imaxe que identificase ao grupo. Debuxei no interior dun círculo unha silueta que representaba o Esteiro do Miño franqueado polo perfil da Guarda e da marxe portuguesa, e no centro a silueta dunha garza en voo. E xa a partir de aí, durante case que tres anos, comezamos saír ao campo os fins de semana.

Os primeiros integrantes foron José Antonio Martínez, Javier Lomba e Antonio Baz, non tardando en sumarse Anxo Ferreira, J. Ángel Gándara, Florencio Fernández e Germán Fernández. Íamos a pé dende A Guarda ata o Tamuxe, cargando cuns remos que utilizabamos nunha pequena embarcación denominada *Antoxo* coa que cruzabamos ata a Illa Canosa. O grupo estivo activo, sempre acompañado do que isto escribe, ata mediados do ano 1985. Logo, por mor dos estudos, da "mili" ou por motivos profesionais, o grupo desapareceu definitivamente. Foi, aínda que de xeito informal, o primeiro grupo ecoloxista da Guarda.

cousas de anabam



agufelo

Visita ornitolóxica guiada de estudantes da ESO



agufelo

Visita ao poboado castrexo do Trega de estudantes da ESO



ANABAM convoca, un ano máis, unha oferta de emprego por tres meses para o PROXECTO BORRELHO que se desenvolverá nas praias do norte portugués. Logo de dous anos sen poder desenvolvelo, por mor da COVID, parece que este ano si vai ir adiante. ANABAM foi pioneira nos estados español e portugués en desenvolver medidas efectivas de protección dunha das especies máis ameazadas do noso litoral. Cada ano empregamos unha media de entre 4.000-5.000 euros para este proxecto, conseguindo que naceran e saísen adiante arredor de 1.000 pitos de píllara das dunas (galego) ou borrelho-de-coleira-interrompida (portugués) ao longo de 11 anos.

Descrición do emprego

Convócase unha praza para persoas recentemente graduadas en **Bioloxía, Ciencias Ambientais ou Ciencias do Mar** ao abeiro do Proxecto Píllara-Borrelho 2022 (seguimento da poboación e protección de niños **de Píllara das dunas/borrelho-de-coleira interrompida (*Charadrius alexandrinus* Linnaeus, 1758)** no Baixo Miño galego-portugués. O contrato pretende proporcionar unha primeira experiencia/oportunidade laboral para as persoas recentemente graduadas

O contrato será a tempo parcial por 25 horas á semana.

Perfil

Grao en Bioloxía, Ciencias Ambientais ou Ciencias do Mar, obtido entre os cursos académicos comprendidos entre 2017 e 2021, ambos incluídos.
Capacidade de traballo individual e en equipo.
Capacidade de auto-organización.
Capacidade de transmitir coñecementos oralmente.
Persoa proactiva e responsable.
Coñecemento do proxecto píllara/borrelho así como as características fundamentais desta ave e da súa presenza en Galiza e norte portugués.

Condicións

Contrato de 3 meses (do 1 de abril ao 30 de xuño).
Xornada parcial, 5 horas diarias (62,5 % xornada completa).
Salario neto 750 € mensuais + suplemento por desprazamento.
Horario de mañá.
Posibilidade de variación da xornada en función da carga de traballo e das necesidades puntuais do proxecto.
Dispoñibilidade para realizar seminarios, obradoiros de voluntariado e charlas de educación ambiental coa cidadanía.
Indispensable vehículo propio.
A persoa que se incorpore ao proxecto recibirá unha formación inicial entre o 15 e o 31 de marzo: coñecemento da área de traballo, identificación da especie, localización e seguimento de postas, divulgación e educación ambiental etc.

Área de traballo

Será principalmente no **norte de Portugal**, na franxa atlántica entre a Praia da Foz (Caminha) e a praia de Paçô (Carreço-Viana do Castelo), tramo duns 15 quilómetros de lonxitude. Ademais das tarefas propias do proxecto, a persoa seleccionada poderá ser eventualmente requirida para outras necesidades da asociación dentro do horario de traballo. A persoa contratada responsabilizarase da redacción de informes semanais e do informe final do proxecto.

Solicitude

Dirixirase por correo electrónico (anabam.anabam@gmail.com) ata o día 12 de marzo de 2022, ás 23:59 h, acompañada do CV e carta de motivación.

NON ÁS ACTIVIDADES CINEXETICAS



Con data 28/01/2022, presentamos denuncia escrita diante da Dirección Xeral de Patrimonio Natural pola invasión, por parte do colectivo cazador, de áreas non habilitadas nin para a práctica cinexética nin para o adestramento de cans de caza. Feitos que adoita acontecer nas áreas da Rede Natura (declarada ZEPA e/ou ZEPVN), como son as proximidades do bosque de ribeira, en Salcidos ou no piñeiral da praia de Camposancos, dos que, no segundo dos casos citados, fomos testemuñas directas e no primeiro caso, temos coñecemento por informacións de varias persoas que teñen que padecer a inxerencia dos cans de caza ou dos cazadores.

O escrito presentado, vén sinalar o seguinte:

1/ No mes de setembro, previa apertura da actividade cinexética, non resulta raro ver aos cans entrando na zona do piñeiral anexo a praia de Camposancos.

2/ O pasado día 25 de decembro púxose en coñecemento do 112 e da Garda Civil, a través do 062, a presenza de cans de caza soltos e sen vixilancia no monte Trega.

Os feitos producíronse entre as 11 e as 12 da mañá, cando se observou un vehículo Suzuki Vitara color verde abandonando a pista de circunvalación do Monte Trega. Uns centos de metros máis adiante localizouse un remolque para o transporte de animais (cans de caza) coas cancelas abertas e sen vixilancia. Observouse a presenza de dous cans de caza sen vixilancia equipados co que parecían ser dispositivos de GPS ou radiotransmisores.

Considérase que estes feitos vulneran a lexislación vixente, en particular, o punto 2 do Artigo 98. Pistas forestais da LEI 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia onde se establece a prohi-



bición da "circulación con vehículos a motor por pistas forestais que non sexan de uso público ou localizadas fora da rede de estradas" coa excepción de actividades como a cinética. Enténdese que a circulación para o estacionamento dun remolque e a solta de animais sen vixilancia non forma parte das excepcións a esta lei. Así o establece a Lei 13/2013, de 23 de decembro, de caza de Galicia no Artigo 2. Acción de cazar do TÍTULO I de Disposicións xerais "*non se consideran accións de cazar as accións preparatorias das cacerías realizadas sen armas nas modalidades colectivas de caza maior,* ***o adestramento de cans*** *e o voo libre das aves de cetrería*". Esta mesma lei no punto 5 do Artigo 64, uso e tenencia de cans de caza e aves de cetrería indica que "*As persoas que transiten por terreos cinexéticos acompañadas de cans ou aves de cetrería baixo a súa custodia estarán obrigadas a impedir que estes vaguen sen control* (...)".

A ausencia de sinalización sobre unha posible batida de xabaril, a vulneración da Lei de Montes e a Lei de Caza de Galicia, así como o potencial risco para as numerosas persoas que nese momento andan polo monte, xunto coa posible presenza de animais asustados e a sensación de inseguridade que todo isto ocasiona, motivou as denuncias telefónicas mencionadas ao comezo deste escrito a fin de salvagardar a integridade das persoas que nese momento utilizaban o citado espazo. A presenza de cazadores no monte Trega ven sendo **habitual no que parece ser un exercicio de planificación de futuras batidas de xabaril.**



Tamén temos constatado a inxerencia de cazadores e cans de caza na zona da Gándara, a carón do bosque de ribeira, por onde está a fábrica de pretensados.



Imaxe 1

Nos dous primeiros meses do ano efectuamos seis saídas ao campo:


-**08/01/2022**: litoral portugués, praias do Forte de Paçô e de Arda. Participantes: Luís Dorado e Agustín Ferreira.

-**15/01/2022**: Saída ao litoral portugués. Participantes: Carlos Angílica, Luis Dorado, Agustín Ferreira, Mº Consuelo González uníndose unha persoa máis non membro de ANABAM.

-**22/01/2022**: Saída a Torroña (Oia). Luís Dorado e Agustín Ferreira.

-**29-01/2022**: Primeiro censo de aves acuáticas deste ano no Esteiro do Miño. Participaron: David Alonso, Carlos Angílica, Silvia Bautista, Luis Dorado, Agustín Ferreira, Mª Consuelo González, Araceli Ozores, Salvador Rodríguez ademais de catro persoas máis (non membros de ANABAM) que se sumaron a este censo.

19/02/2022: Nova visita ao litoral norte do veciño país. O traballo de campo iniciámolo na praia de Paçô (Carreço), para continuar cara ao norte ata a praia da Arda (Afife). O obxectivo era prestar atención, fundamentalmente, aos borrelhos-de-coleira-interrompida (píllara das dunas) e ao escaravello da praia, *Eurynebria complanata*. Ademais, tomamos as notas seguintes: na praia da Arda observación dun bando duns 80 pilros bule-bule (*Calidris alba*) e dunhas 35 píllaras riscadas (*Arenaria interpres*), xunto cos datos que figuran na imaxe 2. O grupo de traballo estivo formado nesta ocasión por Luís Dorado Senra e Agustín Ferreira Lorenzo.



Imaxe 2

-26/02/2022: (Imaxe 3). Segundo censo de aves acuáticas da tempada. Colaboran: David Alonso, Luis Dorado, Miguel A. Fernández, Agustín Ferreira, Tomás García-Caballero, Araceli Ozores, Salvador Rodríguez, e un colaborador máis non membro de ANABAM.



Imaxe 2

As saídas de ANABAM están abertas a tódolos socios. Realízanse sempre polo Baixo Miño galego-portugués normalmente os sábados pola tarde, aínda que as veces iso decídese cunhas horas de antelación xa que dependen da dispoñibilidade dos coordinadores.



Rescatado un arao papagaio

ARAO PAPAGAIO (*Fratercula arctica*). 15/02/2022. Justo D. V. e Avelino A. P. trouxéronnos un arao papagaio que atoparon na praia da Armona (Camposancos, A Guarda, ribeira da desembocadura do Miño). Estaba incapacitado para voar debido a manchas de petróleo. Foi enviado ao pouco tempo ao Centro de Recuperación de Fauna a través dun axente de M.A. O arao papagaio é un ave de peteiro ancho e rechamante. De tamaño pequeno. Non aniña nestas latitudes, senón que o fai no Atlántico Norte. Noso agradecemento a Justo e Avelino pola preocupación para con esta ave tratando de que teña os coidados necesarios dada a súa situación.



E un corvo mariño

CORVO MARIÑO (*Phalacrocorax carbo*). 09/01/2022. Recollido ferido na praia da Ladeira (Baiona) por Beatriz Alonso G. e Alex Vilela G. Unha das ás presenta unha ferida grave, con saída de óso. Entregado aos axentes de Medio Ambiente para o seu traslado ao Centro de Recuperación de Fauna. Noso agradecemento a Bea e Alex polo interese e preocupación amosadas por esta ave e terse desprazado a propósito dende Baiona ata A Guarda.



PRÁCTICAS EXTERNAS PARA ESTUDANTES DE BIOLOXÍA E CICLOS FORMATIVOS EN MEDIO AMBIENTE

Estudantes universitarios franceses, pertencentes á Universidade de La Rochelle (situada na costa central oeste de Francia) solicitaron realizar as súas prácticas en ANABAM. Serán os primeiros estudantes estranxeiros que inaugurarán a colaboración de ANABAM cun centro académico alleo ao Estado español. Ata agora, os estudantes que teñen realizado as súas prácticas con nós pertencen ás Universidades de Vigo, A Coruña e León, así como ao CIFP de Ponteareas. En ANABAM desenvolven unha media de entre tres e cinco proxectos diferentes durante o período de prácticas, realizándose nos concellos galegos do Baixo Miño como no litoral norte portugués

Para saber máis sobre as prácticas en ANABAM, pode visitarse a páxina web de ANABAM.



PROXECTO ANDORIÑA.

A partir deste mes de marzo poñemos en marcha o seguimento das cinco especies de andoriñas que aniñan no Baixo Miño galego-portugués:

Andoriña común (*Hyrundo rustica*).

Andoriña de cu branco (*Delichon urbicum*).

Andoriña das barreiras (*Riparia riparia*).

Andoriña dáurica (*Cecropis daurica*).

Andoriña dos penedos (*Ptyonoprogne rupestris*).

A única especie que está en expansión (pois antes do ano 2005 non se achaba no Baixo Miño) é a dáurica, mentres que das tres primeiras citadas constátase un notable descenso ocasionado pola inxerencia directa humana, fundamentalmente no que á destrución dos niños se refire. Da andoriña dos penedos, unicamente coñecemos a súa presenza na Catedral de Tui.



ANABAM PIDE A COSTAS A PROTECCIÓN DA *HONCKENYA PEPLOIDES* EN MOUGÁS (OIA)

A *Honckenya peploides* é unha das plantas que se atopa nun estado crítico na bisbarra do Baixo Miño, estando a piques de desaparecer da mesma. Actualmente apenas quedan dous metros cadrados, dos setenta que había ata hai cinco anos, na praia das Besadas en Mougás (Oia), único lugar do Baixo Miño onde está presente. Antigamente, ata mediados do século pasado, atopábase tamén na praia de Camposancos. ANABAM mantivo o pasado ano unha xuntanza coa Alcaldesa de Oia para que o concello se implicase na protección desta especie, mais non se viu interese algún por parte da mesma e, de feito, a pesar de pedirllo e de ofrecer a nosa colaboración, non se tomou ningunha medida ao respecto. Neste mes de xaneiro pasado, trasladamos á Xefatura Provincial de Costas, Pontevedra, a necesidade de protexer e recuperar esta planta, tanto en Mougás como na praia de Camposancos, ofrecendo o noso apoio e colaboración para todo o que sexa necesario. Dende ANABAM esperamos que se tomen medidas e non teñamos que lamentar a desaparición dunha nova especie no Baixo Miño.



ANABAM solicitou ao concello da Guarda, por medio dun escrito presentado a través da sede electrónica con data do 24/01/2022, que realice as xestións oportunas para que a Xunta de Galicia declare ao SEIXAL como **ENIL** (**ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL**). Este enclave, que ten arredor dunha hectárea, é un elemento característico da costa sur guardesa. Nos anos oitenta estivo a piques de desaparecer, ao querer vender o Concello da Guarda os seixos alí acumulados a unha empresa, que pagaba por eles 5.000 pts. (30 €). As xestións de ANABAM e, sobre todo, dun dos seus membros, Antón Ferreira Lorenzo, ofertando unha peseta máis para que seguiran onde estaban, impediu que desaparecera esta parte da paisaxe guardesa. O Seixal, formouse hai máis de 2.000 anos, si ben o lugar que ocupa actualmente data de algo menos desa idade, pois naquela estaba uns centos de metros máis abaixo. Os seixos acumulábanse sobre a area dunha extensa praia, a cal permitía que a ondaxe os depositara sobre ela, pois esta actuaba como unha rampla que favorecía o ascenso dos seixos. Coa subida do nivel do mar, a area foi desaparecendo, os seixos, pola forza das ondas, continuaron avanzando cara arriba ata quedar onde hoxe os vemos. Ao non haber praia, a acumulación de seixos non se produce, polo que a súa destrución é irreversible. Dende os anos oitenta, foron levados millleiros deles e, cada ano, van desaparecendo algúns máis, razón polo que é necesario PROTEXER ESTE ENCLAVE NATURAL.



ANABAM pretende salvar de calquera especulación ou transformación futura o **BOSQUE AUTÓCTONO DE RIBEIRA** existente na parroquia de Salcidos (A Guarda). Por este motivo deu comezo a un ambicioso proxecto no que se contempla ir adquirindo parcelas da masa arbórea que delimita a marisma de Salcidos. A idea xurdiu logo da doazón feita a esta asociación dunha parcela duns 300 metros cadrados no ano 2020. Podedes ver a información na web de ANABAM.

Os terreos polos que esta asociación está interesada, sitúanse no recadro en azul da imaxe, que conforma gran parte do bosque de ribeira citado. Queremos, deste xeito, crear unha reserva integral que garanta a biodiversidade deste espazo natural.

Para conseguir o obxectivo, iniciamos unha campaña de recadación de fondos, divulgando a través da rede social Facebook a mesma. As persoas que queiran axudar economicamente a este ambicioso proxecto de protección e conservación, poden contactar con nós a través do correo-e (anabam.anabam@gmail.com) ou do Whatsapp (616180557) para facerlles chegar o número de conta. Calquera colaboración, por pequena que sexa, permítenos protexer a paisaxe e a biodiversidade baixomiñota e, neste caso concreto, do único bosque de ribeira existente no municipio guardés.

PILAS BOTÓN

PIONEIROS NO ESTADO ESPAÑOL



A principios do ano 1989, a francesa *Agence Nationale pour la Récupération et l'Élimination des Déchets* (ANRED), lanza en Francia unha campaña destinada á recollida e recuperación das **pilas botón**, polo seu alto contido en mercurio. Esta información, publicada nalgúns diarios españois, chega a ANABAM a través de Antón Ferreira Lorenzo, quen le a noticia e pensa que dende a nosa asociación podemos levar a cabo un proxecto similar no Baixo Miño. Logo de expoñer a idea ante os demais membros, é aceptada inmediatamente. Nomeámolo coordinador do incipiente proxecto, poñéndose de inmediato mans á obra. Pretendemos poñer en marcha unha campaña de recollida de pilas botón o 5 de xuño dese mesmo ano, 1989, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente.

Cando saen publicadas as bases anuais de subvencións da COTOP (Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas), a través da Axencia de Calidade Ambiental, presentamos solicitude para desenvolver a campaña, sendo aprobado o presuposto presentado. Ao mesmo tempo, tamén solicitamos a diferentes organismos, tanto da Xunta de Galicia, como do Estado, que se promulgue unha normativa que obrigue á recollida das pilas botón usadas, por parte dos establecementos que as venden.

Chegado o 5 de xuño, comezamos coa campaña, apoiada por carteis, autocolantes, folletos informativos, chapas, notas de prensa a numerosos medios de comunicación do estado español e portugués, escritos aos centros de ensino e, solicitamos a colaboración dos comercios expendedores destas pilas para que recollan as que lle leven, proporcionándolles os correspondentes recipientes. Cada certo tempo pasabamos a recollelas e envialas a un centro de tratamento que había en Barcelona, que era tamén, onde as enviaban os franceses.

ÍNDICE

3.-**Outras labras castrexas**…. Antón Ferreira Lorenzo.

6.-**Casa Forestal de Oia**…….Agustín Ferreira Lorenzo.

9.-**Esteiro do Miño. Aves na corda frouxa**…….. Agustín Ferreira Lorenzo.

12.-***Zerynthia rumina***…Agustín Ferreira Lorenzo.

13.-**Herba da Pampa (*Cortaderia selloana*) no municipio de Oia**...Adrián Fernández Venade.

22.-**Dininúe a poboación de corvos mariños?**..... Agustín Ferreira Lorenzo.

25.-**Árbores extraordinarias do Baixo Miño**……. Varios autores.

29.-**Grupo de Xóvenes Ecoloxistas Guardeses**… Agustín Ferreira Lorenzo.

31.-**Cousas de ANABAM**.

32.-Oferta de emprego.

34.-Non ás actividades cinexéticas.

36.-Saídas de campo.

38.-Rescatado un arao papagaio.

38.-E un corvo mariño.

39.-Prácticas externas para estudantes de Bioloxía e Ciclos Formativos en medio ambiente.

39.-Proxecto andoriña.

40.-ANABAM pide a Costas a protección da *Honckenya peploides* en Mougás (Oia).

41.-Seixal da costa surguardesa…, imos a por un ENIL?

42.- Proxecto RENABAR.

45.-Pilas botón. Pioneiros no estado español.

ABELLARUCOS NO BAIXO MIÑO



Sabías que na primavera do ano 2009, membros de ANABAM rexistraron a única parella de abellaruco observada ata agora no Baixo Miño, compartindo niño coa zona de reprodución da andoriña das barreiras en Tomiño?

AS PERSOAS INTERESADAS EN PUBLICAR ARTIGOS NESTE BOLETÍN PODEN DIRIXIRSE A ANABAM POR CORREO ELECTRÓNICO OU WHATSAPP.

OS ARTIGOS TEÑEN QUE TER RELACIÓN DIRECTA OU INDIRECTA COA BISBARRA DO BAIXO MIÑO, DANDO PREFERENCIA A AQUELES QUE TRATEN ASUNTOS DE NATUREZA E MEDIO AMBIENTE

ESTA PUBLICACIÓN CONTA CUNHA SUBVENCIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DA GUARDA